

**2026: 12 meses de sensibilización en prol da
IGUALDADE NOS COIDADOS DESDE A CORRESPONSABILIDADE**

Agosto do 2026

*A conciliación corresponsable na
«Proposta de CCOO por un Pacto integral e estatal de coidados»*

As actuacións ou medidas propostas por CCOO para aplicar ao modelo de coidados actual buscan promover non só o compromiso das persoas, homes e mulleres, senón tamén das entidades públicas e, sobre todo, das empresas.

En agosto, seguimos incorporando nesta sección as propostas máis destacadas de CCOO nas

100 medidas para un Pacto integral e estatal de coidados¹

Esta vez, referímonos a dous apartados que se complementan: o **dereito a recibir coidados profesionalizados** e o **desenvolvemento xusto e necesario dos dereitos laborais das persoas do sector**.

Canto ao dereito aos coidados profesionalizados, recolleemos as seguintes medidas:

- *Garantir desde o Estado e as CCAA a universalidade e accesibilidade dos servizos de educación infantil de 0-3 anos; que sexan de calidade e estean dispoñibles tanto en zonas urbanas como en zonas rurais ou desfavorecidas.*
- *Escolarización pública e gratuíta desde 0 anos. Ampliar as prazas de xestión pública ata a cobertura universal do primeiro ciclo de educación infantil 0-3 anos.*
- *Ampliar significativamente a oferta de recursos e prazas de xestión pública e pór en práctica programas de actividades extraescolares, de vacacións, ocio escolar e apoio escolar de calidade, gratuítas.*
- *Creación de residencias e vivendas públicas con servizos e equipos multidisciplinares para a atención próxima das persoas maiores e dependentes en grao menor.*
- *Garantir un investimento económico suficiente e finalista, redistribuído de forma xusta e destinando os seus recursos a investimentos ligados aos coidados e a dependencia.*

¹ Ligazón ao documento completo das 100 medidas:

<https://ccoo.es/144027701802253faf077eb6a97f7d80000001.pdf/>

Co financiamento de:

Dado que esa profesionalización dos coidados inclúe necesariamente unha vertente laboral, a continuación inclúense tamén aquelas medidas do Pacto que afondan nesa problemática, focalizándose sobre as necesidades e dereitos das persoas que coidan:

- *Equiparación das condicións laborais e salariais das categorías de xerocultoras, auxiliares de axuda a domicilio e outras similares dos sectores de coidados, ao persoal homólogo do servizo público correspondente.*
- *Regulación estatal dos requisitos mínimos dos centros canto a currículos, espazos, ratios profesionais (aplicación de ratios de nenas e nenos por persoa adulta recomendadas pola UE).*
- *Implementar as ratios de cadros de persoal para a cobertura asistencial (dependencia, maiores) establecendo un número de persoas traballadoras mínimo por quenda de traballo.*
- *Vixiar que as empresas asuman a obriga de substituír as persoas que exerzan calquera permiso, tanto remunerado como sen remunerar. Garantiranse compensacións adecuadas para calquera tipo de situación de incapacidade temporal, incluídas as continxencias comúns.*
- *Mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras no ámbito dos coidados, de forma que se lles garantan traballos de calidade e vixilancia en saúde laboral, incluídos os riscos psicosociais segundo a súa especialización, con salarios dignos e adecuación de categorías profesionais. Garantías de salarios acordes coa titulación exixida. Mecanismos para eliminar a parcialidade indesexada.*
- *Definir a figura de «asistente persoal» como categoría profesional e introducila nos convenios colectivos respectivos.*
- *Incrementar significativamente o persoal de atención a domicilio, agora claramente insuficiente, para que a pauta dos coidados establecida pola maioría de comunidades (ACP: atención centrada na persoa) resulte viable, con garantías de recibiren os coidados necesarios as persoas usuarias e con garantías de condicións laborais e salariais dignas para as profesionais.*